


# Super PEPO. O musical




**O**nte tivemos unha función no cole que foi en grao sumo emocionante. Ningún dos meus amigos do barrio ten no seu cole un salón de actos tan grande coma o noso. O primeiro día que nos subimos ao escenario para ensaiar o noso Musical asustámonos un pouco ao ver todas esas filas de butacas baleiras diante de nós. Iamos ter que traballar moito para encher a sala. Así o fixemos e cando chegou a función todas as entradas estaban vendidas!

A profe díxonos que non podíamos asomarnos polas cortinas pero non puidemos resistirnos e fixémoslo con moito coidado por un dos laterais do pano.

Todos os nosos compañeiros e compañeiras estaban alí, tamén as nosas familias e os nosos amigos. Estabamos moi nerviosos pero tamén moi emocionados porque logramos algo importante: axudar a moitas persoas que o necesitaban..., pero vouvos contar como empezou toda esta aventura hai un par de meses:





**E**u xa me deitara, pero desde a miña habitación oía a radio que a miña mamá tiña acendida. Falaban dun país, Haití, onde unha chea de xente estaba enfermado e morrendo polo cólera. Unha enfermidade que, segundo dicían, soamente afecta aos máis pobres.

- Non hai dereito, dixo a miña mamá.

Non podía durmirme porque me viñeron moitas preguntas á cabeza que me deixaron moi preocupado:

- Que enfermidade é esa que só afecta aos pobres? É que visita os bancos e se tes menos dunha cantidade de diñeiro na túa conta aféctache? Eu tiven medo porque acababa de comprarme un xogo da consola e a miña hucha quedouse sen nada.

- E por que mamá dixo “non hai dereito?” Na casa, algunha vez dixéronme que teño obrigacións e dereitos. Eu sempre intento ter máis dereitos, pero nunca pensei que tivese que pedir o dereito a non estar enfermo.

Miña nai!, a ver se entre isto e o peto baleiro vou ter problemas?

**A**o día seguinte adiqueime a investigar. Na Academia de Superheroes temos un lema “ante calquera dúbida, busca información”. O primeiro que descubrín sorprendeume e á vez enfadoume.

- Resulta que o cólera xorde onde non hai tubaxes para a auga limpa nin sumidoiros para a sucia. Por iso afecta aos máis pobres!
- Pero, ademais, é fácil de curar, só se necesita auga! ¡Que medicamento tan barato!
- Como é posible, entón, que haxa tantas persoas enfermas? Aquí se abres a billa sae toda a que queiras.

Púxenme moi triste ao darme conta do inxusto que era todo. As persoas máis pobres enferman porque viven en lugares sen auga potable e sen sumidoiros.

- E o dos dereitos? Descubrín, entón, que as cousas máis importantes coma a saúde, a comida ou o poder ir á escola non as temos todos os nenos e nenas desde que nacemos.

Cando ensinei a información aos meus compañeiros e conteilles o de Haití e o cólera, non llo podían crer.

Estaba connosco Sandra, a irmá maior de Emma, e díxonos:

- Vivimos nun mundo inxusto no que moitas persoas non teñen nin os dereitos máis elementais.
- E que podemos facer nós?, preguntei.

Emma que é moi impulsiva, dixo enseguida:



- Temos que ir a Haití!

Todos mirámola asombrados:

- Emma, temos oito anos, non podemos viaxar ata alí.
- Entón? Ten que haber algún xeito de poder axudarlles.

Sandra dixo:

- Para iso están as ONG. Poderíamos recadar diñeiro e entregalo para axudar a esas persoas a frear e curar a enfermidade.
- O diñeiro dos nosos petos será suficiente?, preguntei.
- Non, dixo Sandra. E, ademais, isto ten que sabelo moita xente. Temos que pensar en algo que faga colaborar a moitas persoas.
- Xa o teño! Xa o teño! Un Musical!, dixo Emma. A ela encantáballe bailar e cantar e facíao moi ben desde que era pequena.





**A** todo o grupo gustoulle moito a idea, así é que enseguida fomos a falalo coa profe. Cando lle contamos todo, quedou mirándonos fixamente durante un intre moi sorprendida:

- **Paréceme unha idea xenial. Podedes facer un Musical con cancións sobre os dereitos dos nenos e as nenas. Eu axudareivos en todo o que necesitedes.**

En realidade, a Lucas non lle fixo ningunha graza a idea. É moi tímido. Cando a profe lle preguntába algo na clase sempre se puña coloreado, comezaba a suar e custáballe moito empezar a falar. Imaxínate porse a cantar e bailar diante dunha chea de persoas!

Durante a primeira semana de preparativos non vimos a Lucas aparecer ningún día. Ata que unha tarde Lucas pediulle a Emma axuda. Quería que lle acompañase a comprar un agasallo para a súa irmá. Era tan vergoñoso que sabía que se non atopaba o que buscaba na tenda e tiña que pedir axuda ou consello, non ía ser capaz de dicirillo ao dependente.

Emma acompañouno, pero Lucas tardou tanto en elixir o agasallo que se lles fixo un pouco tarde.

- **As sete! Hai unha hora que tería que estar no ensaio! ,dixo Emma. Hoxe era a repartición de papeis e tiñamos que comentar cada un as nosas preferencias.**

- **Perdoa Emma. Pola miña culpa, ademais de chegar tarde vas quedar sen o papel que che gusta.**

- **Tranquilo Lucas. O importante é participar no Musical, o papel é o de menos. ¡Mañá vémonos na clase!**

Emma marchouse correndo e Lucas quedou pensando no que pasara: Por axudarlle, perdera un papel e el, por un pouco de vergoña, non era capaz de participar nunha función que axudaría a moitas persoas.

Ao día seguinte, Lucas presentouse no ensaio e uniuse ao grupo. Tocoulle un papel de árbore, o que quedaba.

O día da función estaba tremendo, nerviosísimo. Para tranquilizarse pensou que el o estaba pasando mal pero que o seu non era nada comparado co que sufrían as persoas enfermas en Haití. Elas merecían que se esforzase en superar os seus medos.

Ao rematar aplaudíronnos ¡durante dez minutos sen parar!, pero, cando a profe anunciou o total do diñeiro recadado, foi cando se escoitou o aplauso máis forte. Todos os que estabamos alí sentiámonos moi orgullosos do que conseguimos. O esforzo mereceu a pena.

E Lucas ensinounos que, os auténticos Superheroes, non son os que nunca teñen medo, senón os que, coma el, enfróntanse ao medo para axudar aos demais.

